

Cheché Martín

A VIDA NUN TRAZO



CHECHÉ MARTÍN



Cheché Martín

A V I D A N U N T R A Z O

Sala de Exposicións do Pazo Municipal
Do 20 de xuño ao 28 de xullo de 2024



Índice

EXPOSICIÓN

Organiza

Concello da Coruña

Alcaldesa da Coruña

Inés Rey García

Concelleiro da Área de Fomento e Promoción da Cidade

Gonzalo Castro Prado

Coordinadora da Área de Fomento e Promoción da Cidade

Eva Blanco Sánchez

Xefa do Servizo de Cultura

Susana Martínez Portabales

Coordinación da exposición

Ramón Vilas de Escauriaza

Comisario

Rubén Ventureira

Préstamos

Herdeiros de Cheché Martín

Familia Arsenio Iglesias

Colección Rubén Ventureira

Cesión de fotografías

Alberto Martí

Arquivo herdeiros de Cheché Martín

Vídeos

TVE

Deseño

David Carballal estudio gráfico, SL

Gráfica

Imprenta López

Montaxe

Expo.gal

Seguros

Hiscox

Traducións

Susana García e Ramiro Combo

Agradecemento especial do comisario

Marita Carmona

Agradecementos

Domingo Bobillo

CATÁLOGO

Dirección

Rubén Ventureira

Textos

Marita Carmona, Luis Caruncho,

Carlos Fernández, Miguel González Garcés,

Arturo Lezcano e Rubén Ventureira

Traducións

Susana García e Ramiro Combo

Cesión de fotografías

Alberto Martí

Arquivo herdeiros de Cheché Martín

Colección Rubén Ventureira

Fundació Antoni Tàpies

Fundación Barrié

Fotografía

María Meseguer

Deseño

David Carballal estudio gráfico, SL

Impresión

Sgraf Artes Gráficas, SL

1ª edición, abril de 2024

© Da edición: Concello da Coruña

© Dos textos: os seus autores

Depósito legal: C548-2024

9 **Toda A Coruña nunha soa vida**
Inés Rey

11 **Martín Rodríguez/Cheché Martín: a paleta e a pelota**
Rubén Ventureira

14 **A vida nun trazo**
Marita Carmona

23 **O ollo clínico de Cheché Martín**
Arturo Lezcano

28 **Vocación irrefreable cara á pintura**
Luis Caruncho

29 **Sensibilidade, delicadeza e hábil man**
Miguel González Garcés

30 **Unha vida marcada por un fusilamento**
Carlos Fernández

35 **Obra en exposición**

109 **Fútbol de seda e ferro**
Rubén Ventureira

119 **Textos en español**

Toda A Coruña nunha soa vida

Inés Rey

Alcaldesa da Coruña

Existen personaxes que exercen como resumo do mellor dunha cidade. No caso da Coruña, temos varios, algúns menos difundidos que outros. Velaí o caso de Cheché Martín, figura que cómpre reivindicar e dar a coñecer, como tratamos de conseguir desde o Concello con esta magnífica exposición.

Cheché foino e representouno todo na Coruña. A partir da súa actividade vital podemos simbolizar a completa historia moderna da nosa urbe; acudindo a el atoparemos ese fío que une o neno Picasso que se fixo artista grazas a unha cidade ilustrada ata as paixóns populares que hoxe se espertan con cada gol de Lucas Pérez. As mellores sensibilidades que fixeron da Coruña a gran cidade que foi e que é son fáciles de identificar no seu diverso percorrido persoal, que o converteu en aglutinador da nosa personalidade urbana, da nosa riqueza social.

Cheché Martín (1924-2006) foi un artista en cada faceta da súa vida, literalmente respecto á pintura e o debuxo, como por fin poderemos desfrutar todos os coruñeses e coruñesas cando se cumpre un século do seu nacemento. Foi un exiliado, pero non só iso. Foi futbolista, pero non só iso. Foi artista, pero non só iso. É case imposible abranguer a cantidade de dimensións nas que se moveu, talvez só poidamos facelo definíndoo como un home de mundo, un mundo cuxa capital era A Coruña.

Somos unha cidade de vangarda. Martín interiorizou esa pulsión cultural nosa, cunha obra plural, con matices figurativos e, por suposto, sensibilidade social, sempre atento aos máis desfavorecidos. A Coruña na que naceu hai cen anos era un fervedoiro de ideas avanzadas, do que el foi interesado espectador xa desde cativo. Por desgraza, aquela urbe comprometida coa democracia e as liberdades foi esgazada en 1936. A sinistra vitoria do totalitarismo estivo acompañada dunha represión salvaxe, que atacou con especial dureza o propio Concello, cos asasinatos, entre outros, do alcalde Alfredo Suárez Ferrín e do secretario municipal, Joaquín Martín, o pai de Cheché, ambos fusilados no Campo da Rata un 31 de agosto.

Esa sombra imposta levouno ao exilio, onde á vez que demostrou un enorme talento para o fútbol seguiu honrando a súa estirpe familiar, tanto por parte paterna como pola materna, a que o sinala grazas á súa nai, Elvira, como neto del Médico Rodríguez, outro símbolo da Coruña ilustrada e social. Paseou ese sangue herculino polos campos de Arxentina, Venezuela e Francia, combinando pelota e lenzo, ata que a finais dos anos 40 volveu á cidade a converterse nun ídolo no Dépor, grazas ao seu enxeño sobre o céspede de Riazor, pero tamén creando unha relación simbólica coa afección, que sabía perfectamente o que el representaba.

Entre cadros e goles, a inquedanza artística levouno a ser un dos primeiros mecenas de Antoni Tàpies durante a súa etapa en Barcelona, e a non parar de pintar nunca. Volveu á Coruña, para adestrar o Deportivo con outra lenda como Arsenio Iglesias ao seu carón, e deixar así para sempre xamais a súa pegada ilustrada, elegante e á vez popular polas rúas da cidade. Nel residiron todas as meirandes formas de coruñesidade.

Cheché Martín viviu nun constante retorno á Coruña. Agora, da man da súa herdanza familiar, tamén artística e en feminino, e do impulso da capital cultural de Galicia que somos, festexamos o seu regreso máis solicitado, o que pecha o círculo, o que mostra a súa obra na súa cidade. Así, definitivamente, queda entre nós. Como o grande artista coruñés que foi, en todas as facetas da súa vida.



Cheché, en Sitges, nos anos 50
Herdeiros de Cheché Martín

Martín Rodríguez/Cheché Martín: a paleta e a pelota

Rubén Ventureira

Arsenio Iglesias recibíame na súa casa, o que para un deportivista equivale, sobre o papel, a que o Papa te convida a San Pedro. Pero aquela vivenda estaba lonxe de ser o templo da fe branquiazul que un imaxinara. Pola súa xenuína modestia, só achei unha referencia ao fútbol en toda a casa: unha foto —de Pepucho— do gol de Beci que ascendeu o Dépor en 1971. En lugar de estar copadas por recordos do seu glorioso pasado futbolístico, aquelas paredes estaban vestidas por unha serie de coloristas cadros e un debuxo. «Martín Rodríguez», lin a sinatura dun dos óleos. Nada sabía dese pintor, sen dúbida o favorito de Arsenio. «Son todos de Cheché, gústanche?», preguntou o anfitrión, certamente o maior coleccionista de obra do seu íntimo amigo. Ao escoitar «Cheché», caín na conta.

Foi ese día xa afastado no que —da mellor maneira posible, da man do sabio de Arteixo— entrei en contacto directo por primeira vez coa obra de Martín Rodríguez, Cheché para todos. Por entón, xa lera a soberbia biografía de Arturo Lezcano e sentía atracción polo personaxe, que nos últimos anos se multiplicou ao ter acceso —tamén da mellor maneira posible, a través dos seus fillos e dos fillos de Arsenio— aos debuxos e pinturas que compoñen esta exposición.

Aínda que —ao estilo das folclóricas como Lola Flores, coas que tanto se relacionou— quitou un par de anos durante a súa carreira futbolística e isto xerou equívocos sobre a data da súa chegada ao mundo, o certo é que neste 2024 celebramos o centenario do nacemento deste artista que xogou ao fútbol, José María Martín Rodríguez (A Coruña, 25 de abril de 1924-A Coruña, 22 de xuño de 2006). Facémolo no mellor recinto posible: a sala de exposicións do Concello. Non é unha elección banal e azarosa, senón simbólica e emotiva. Neste Palacio Municipal traballaba o pai de Cheché ata que os golpistas se cruzaron no seu camiño, e dunha das súas paredes colga o retrato do seu avó materno, o moi popular médico Rodríguez. Para redondear, este recinto está situado no seu lugar de nacemento, a praza de María Pita.

Ademais do saúda da alcaldesa Inés Rey e deste texto introdutorio, esta publicación reproduce seis artigos. No seu conxunto, ofrécennos unha visión calidoscópica da vida e obra de Cheché. O primeiro leva a sinatura da pintora Marita Carmona, a mellor guía posible para percorrer a carreira artística do seu pai. Faino cun texto tan tenro como erudito. Nesta exposición estruturamos esa traxectoria en cinco partes.

Inicios en América (1944-1946). Tempos de bohemia

Contaba Xaime Cabanas (1953-2013) —por aquí abaixo seguímoste lembrando, curmán— que a vocación de pintor lle naceu cando traballaba nunha imprenta que foi a súa particular Facultade de Belas Artes, pois nela aprendeu todo sobre papeis e tintas. Quizais ocorreu o mesmo no caso de Cheché, quen durante dous anos foi aprendiz de imprenta en Bos Aires. Autodidacta, xamais estrañou terse formado nunha academia argentina, o que si fixo por certo un dos pintores coruñeses máis sobresaíntes, Germán Taibo (1889-1919): «Nin acudín a ningunha escola nin penso facelo». Supliu esa falta de educación artística co seu ollo prodixioso, tomando retrincos do que vía no seu contorno, xa fosen galegos exiliados como Luis Seoane ou Castelao, mestres arxentinos como Berni, Victorica, Spilimbergo, Pettoruti ou o seu amigo Jorge Brito, exposicións ou libros sobre arte.

Iniciouse como caricaturista nos cafés de Bos Aires, colaborou como ilustrador cunha revista grazas aos contactos dunha irmá xornalista e acomodouse cuns amigos bohemios en La Falda, unha cidade da arxentina provincia de Córdoba. «Unha vez deixei o fútbol pola pintura, pero tiven que volver porque non gañaba o suficiente», confesou anos máis tarde en relación con esta etapa. En efecto, pasou despois como futbolista profesional a Venezuela, a onde sempre dixo que acudiu coa intención de emular a paleta de Gauguin. Non temos óleos que o corroboren, pero sen dúbida o colorido quedou prendido na súa retina de

pintor. De toda esta etapa arxentina contamos cun óleo paisaxístico realizado en La Falda e moitos retratos urxentes pero de moi boa factura técnica concibidos entre a trasfega dos cafés. É aí onde atrapou, para xa nunca soltalo, o seu modelo favorito: a xente do común.

Europa como inspiración (1947-1957).

De Grünwald a Tàpies, pasando por Picasso

Como Taibo fixera antes, Cheché deu o salto desde América ata Francia. Fíxoo en 1947 e, en palabras de Miguel González Garcés, «é captado polos grandes monstros europeos e moi especialmente por Picasso e Matisse». Engadan tamén a esa lista referentes anteriores como Toulouse-Lautrec, Modigliani ou Grünwald (coñeceu ao detalle o *Retablo de Isenheim*, obra canónica do gótico tardío, por medio dun libro de Cahiers d'Art que adquiriu en Francia). Hoxe en día, acceder a reproducións de obras de arte está a golpe dun clic. Naquela época resultaba moi complicado, de aí o impacto que supuxo a súa chegada a Francia, onde a través de museos, exposicións ou libros coñeceu de primeira man os mestres europeos de todas as épocas. «Ese París de posguerra motivou unha das series de debuxos máis brillantes de toda a súa carreira: visión frontal humana, trazo forte e perspectiva existencial e social. Suavidade. E tamén elegancia», esténdese Marita Carmona.

De Francia a España, a súa Coruña. Fútbol, claro, pero tamén estreita relación coa resistencia intelectual que intercambiaba pareceres na librería de Lino Pérez e nas tascas, por citar os dous extremos. Dagoberto Moll, que xogou naquel Dépor subcampión de Cheché, contoume que entón había unha parella que había que evitar si ou si no caso de que a cruzases pola rúa, a formada polo seu compañeiro de equipo e Urbano Lurgís, sempre dispostos a estirar a esmorga máis aló da quenda do sereno.

E da Coruña a Barcelona. No comezo da súa etapa catalá, seduciuno a obra de dous amigos de Picasso, Isidro Nonell e Ramón Casas, e contactou coa vangarda a través de Guinovart, Cuixart, Tàpies... Seguinte estación, Madrid: aínda que —do mesmo xeito que na Cidade Condal— se relacionou coa farándula e se moveu en círculos selectos, o lugar máis frecuentado por Cheché foi o Museo do Prado.

Foron anos atarefados, no campo e fóra del, nos que con todo mantivo a súa vocación artística. Fíxoo, segundo as súas palabras, «roubando ese tempo necesario para dedicarme, se non ao óleo, ao debuxo, que require menos dedicación». Ben o saben os seus compañeiros de equipo, aos que caricaturiza nas longas viaxes en tren ou en autocar.

De novo América (1958-1964). Baño de cor en México

O crepúsculo da súa carreira como futbolista levouno a México, onde iniciou tamén a súa etapa como adestrador. Aquel provocador colorido que detectara por primeira vez en Venezuela empapou aínda máis a súa obra artística, moi humana en canto á temática: «En México reflectiu de novo realidades sociais que lle importaban: a vida das clases desfavorecidas, a fascinación por unha cultura atávica», sinala Marita Carmona.

Regreso a España (1965-1978). Un artista sofisticado

Regresou a España a mediados dos anos 60. O seu debuxo mantívose na fronteira do clásico. E a súa pintura importou de México a cor pero seguiu sendo figurativa. É, en todo caso, un artista «cada vez máis enfocado e con maior sofisticación», apunta a súa filla Marita na análise que asina neste mesmo catálogo. A saúde obrigarao a abandonar os banquiños en 1977: anúnciase, por fin, a quenda da pintura a tempo completo.

Os anos finais (1979-1990). O poscubismo expresionista

A última etapa de Cheché sintetiza todo o aprendido e lévao a novos estadios. «O seu estilo é rotundo, de enorme madurez e seguridade», sentencia Marita.

Os óleos, que por primeira vez abundan máis que os debuxos, empápanse do que Miguel González Garcés chama «a labarada da cor». É curioso constatar como canto máis sombría é a súa vida por culpa dos avatares médicos, máis luminosidade hai na súa obra. Son, en palabras de Luis Caruncho, «creacións coloristas que teñen que ver moito co expresionismo na súa factura, e coas propostas poscubistas na distribución dos seus elementos no espazo acoutado do lenzo». O propio autor bautizarao como un «expresionismo de corte modernista» ou como un «poscubismo expresionista» con «moita cor, moita liña de debuxo e bastante miseria». «É un pintor vangardista, que utiliza cores moi cálidas, produto seguro da influencia americana. Pero doutra banda tamén ten un punto de pintura francesa, porque iso el viviuno intensamente», sinala Alfonso Abelenda.

Ao tempo, o debuxo abandona por momentos a figuración para adquirir un simbolismo onírico.

Todo acaba en 1990, cando un derramo cerebral frustra para sempre, xusto no seu mellor momento, a carreira do artista.

• • •

Tras a longa digresión sobre as idades artísticas de Cheché, volvamos referir os textos do catálogo. Foi un coruñés, o xornalista Alejandro Barreiro, o que descubriu a Picasso: «Contínúe dese xeito e non dubide que alcanzará días de gloria e un porvir brillante», escribiu en *La Voz de Galicia* con motivo da primeira exposición individual do malagueño, que tivo lugar na nosa rúa Real en 1895, cando era alumno da Escola de Belas Artes coruñesa, na que aprendeu os fundamentos do debuxo e da pintura. Vese que neste córner do Atlántico estamos dotados para detectar de xeito temperán o xenio artístico, posto que os dous únicos cadros que Antoni Tàpies vendeu na súa segunda mostra individual —celebrada do 3 ao 23 de maio de 1952 nas barcelonesas Galerías Laietanas— foron adquiridos por un coruñés con ollo clínico, Cheché Martín, quen lle prognosticou ao propio artista que sería o próximo Picasso. Este episodio asombroso nárrao Arturo Lezcano nun artigo que é ademais unha viaxe na máquina do tempo.

Reticente a mostrar a súa obra durante a súa etapa como xogador e adestrador de fútbol por razóns que explica moi ben no seu texto Marita Carmona, Cheché só realizou en vida tres exposicións individuais, todas nos anos 80. A Galería Giannini albergou a primeira delas entre o 25 de novembro e o 18 de decembro de 1981: mostrou 34 debuxos e 25 óleos. A seguinte celebrouse entre o 15 e o 25 de novembro de 1983 na Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Galicia de Santiago de Compostela, e nela colgáronse 27 óleos. A terceira e última tivo como escenario a Delegación Provincial do Ministerio de Cultura, na coruñesa praza de Pontevedra, onde entre o 21 e o 30 de agosto de 1984 mostrou 26 óleos expresionistas. Entre os recordos

familiares dos Martín Carmona hai unha lista de cadros desta exposición, cos seus títulos e os seus prezos, que oscilan entre as 35.000 e as 55.000 pesetas. Sinaturas de referencia como a do artista Luis Caruncho e o polígrafo Miguel González Garcés reflexionaron sobre a súa obra con motivo destas presentacións. Recuperamos estes textos, ilocalizables salvo para aqueles que se fixeron cos contados folletos destas exposicións.

Dos avatares políticos e da capacidade de perdón do noso protagonista dá conta Carlos Fernández nun texto estremeceador que é memoria non só de Cheché, senón da cidade que o viu nacer.

Por último, tamén hai espazo para a súa faceta ata o de agora máis coñecida, a de futbolista. Xa o dixo Luis Caruncho: «Á fin e ao cabo José María Martín, deportista, é a mesma persoa que Martín Rodríguez, pintor». Non se entendería conmemorar a Cheché omitindo unha referencia ao *hobby* que tivo como principal traballo. Non hai demasiados precedentes de tal dualidade: o noso protagonista citaba sempre o vasco Chillida, porteiro efémero da Real Sociedad nos anos 40 e despois escultor de sona, pero o seu caso emparéllase máis co do asturiano Sócrates Quintana, destacado xogador da Sociedad Gimnástica e do Athletic de Madrid nos anos 10 que foi o último gran mestre impresionista español. Honremos, pois, este coruñés extraordinario que manexou con mestría a pelota e a paleta, pero poñendo o foco na segunda, que sempre foi a primeira para el: «O fútbol é o trampolín para o que quero facer máis tarde», declarou na cima da súa carreira como xogador, cando o Barça das cinco Copas. Celebremos, en definitiva, o centenario dun artista de Primeira División.

A vida nun trazo

Marita Carmona

Unha das miñas primeiras lembranzas é estar sentada na mesa de pintura do meu pai, un obxecto que foi para min —ségueo sendo— un lugar que atesourar. Unha sorte de máquina do tempo que só contén recordos vinculados á pintura. Ten un arrendo que me leva ao non tempo dunha infancia eterna que semella conter todas as idades posibles. Os nenos viven o tempo de maneira diferente, non lineal; un tempo expandido, lento. Se o identificaches ben nesa etapa e aprendiches que o tempo pode funcionar de diferentes maneiras, tes un increíble agasallo. É probable que esta elasticidade do tempo poida entenderse tamén grazas á pintura, e isto é algo que aprendín del. Porque a través do debuxo, do impulso inicial de expresarse por medio da materia e do xesto, a percepción, a reflexión, e o contacto co misterio da forma, xéranse espazos onde respirar con intensidade a vida e, polo tanto, un lugar ao que volver.

Ao seu carón, sen necesidade de verbalizar explicitamente en que consistía isto, intuíanse bastantes manexos que practicaba, como a construción e defensa consciente da mirada particular que todo ser humano garda no seu interior. A vida que queda rexistrada para sempre nun trazo.


Meu pai, José María Martín Rodríguez, Cheché para todos, pintaba e debuxaba acotío. Infatigable. Os aromas do carbón, do óleo e da esencia de trementina impregnaban o aire á vez que se expandía a música, desde clásica ata tangos, *bossa nova* ou jazz.

Era doado fantasiar mentres percorría o seu tempo e mesmo outros tempos anteriores ao seu nacemento. Os libros de arte eran continentes aos que viaxar. El medrou facendo isto. Estou segura de que sabía crear espazos cando o requiría, cando necesitaba expresar a vida sen eludir a verdade, ampliala para respirar mellor cando as circunstancias eran de constrición. Porque ampliar o propio mundo non ten nada que ver con fuxir da realidade: é incluír a posibilidade de maior movemento, de velo desde máis dun punto de vista. Unha resistencia íntima que, por fortuna, lle permitiu ir máis alá da terrible realidade que viviu demasiado cedo, aos 12 anos, cando no verán de 1936 se desatou o inferno.

Na miña casa contábase que descubriu que o seu pai estaba preso cando deambulaba de forma casual pola rúa traseira do Palacio de Xustiza da Coruña. Primeiro escoitou e despois viu unha multitude increpando, insultando e cuspiendo a un «criminal». Cando se achegou máis, puido ver que o «criminal» en cuestión era o seu pai. O seu delito? Ser secretario de Concello. Foi fusilado días despois nas inmediacións da Torre de Hércules, no chamado Campo da Rata, xunto co alcalde da cidade e catro persoas máis. Explicao con máis detalle Carlos Fernández no artigo que escribe neste catálogo.

Seguiu entón observando o horror sen autoenganos, reflexionando sobre a natureza humana coas súas luces e as súas sombras, proxectándose en cada trazo porque a súa dignidade e orgullo querían manifestarse e, insisto, respirar. Por máis dura que fose a vida, axiña descifraría como levala, e facelo ben ademais, atopando, co seu bo ollo, a esencia máis alá da aparencia, e non ía ser, por suposto, desde a contención nin desde a submisión. Estamos a falar dese faro que atopan algúns que, tras sobrevivir a circunstancias adversas, non só o conseguen, senón que acceden a certo tipo de coñecemento único ao que, moitas veces, só se chega a través da necesidade. E se ocorre, amigo, xa o entendiches todo.

Gustábame estar preto cando traballaba. Ás veces tocábame posar —do mesmo xeito que ao resto dos meus irmáns—, papel que se inverteu cos anos, cando el me serviu de modelo en moitas ocasións. A paciencia nunca foi o seu forte, así que interrompía o proceso como moito cada dez minutos para brindarme un consello: «Que teña vida», dicía referíndose ao trazo. Era a súa frase habitual. Dicíamame mentres sobre o meu debuxo realizaba puntos, trazos de forza. E parecíame ben. Eu quería que o fixese, e agora eses trazos son o recordo da miña vida e a súa. Nunca recibín un consello mellor. Sinceramente, vai moito máis alá de ser unha mera consideración estética. É xusto o gran segredo, o principal. E, como un mago, para iso só necesitou dicir tres palabras.



Marita Carmona: *Retrato de Cheché Martín, pai da artista* (2007)
© Xosé Lois Vázquez

Saben o que é principalmente a expresión artística? Na miña humilde opinión, é o lugar onde se deposita parte da alma humana, a intención, a respiración, a reflexión, quen é un no momento en que deixa ese sinal, a vibración que percorre nun preciso momento o corpo, a man, a mente. E, sumado a ese feito, debe darse a difícil transmisión: que alguén perciba polo menos parte de todo o dado. É a comunicación viva, que fai que o que se queira comunicar, sexa o que sexa, chegue. De fondo a fondo. Suceden moitos máis movementos e feitos, pero estes resúltanme esenciais. Así percibo as súas obras. Coa razón, observo o que significan, reflexiono sobre aquilo que contan, a súa época, a súa mirada... Pero tamén vexo e sinto algo que me sorprende cando o noto: a súa presenza.

Unha viaxe a través da arte e a alma

Falar do meu pai, Cheché Martín, é somerxerse nunha viaxe a través de sucesivas capas da historia. A paixón, a creatividade e a experiencia vital a contracorrente. A súa vida, marcada nun inicio polos avatares da Guerra Civil española e o exilio forzado a unha temperá idade, convértese nun testemuño conmovedor da resistencia do espírito humano e a capacidade de transformación da arte. A alquimia de dar a volta a situacións escuras coa



Francisco Lloréns: *A do gorro encarnado* (1924). Óleo / lenzo
Fundación Barrié

axuda dunha noción innata de dignidade e liberdade foi cousa enteiramente súa.

Desde os seus primeiros anos na Coruña, a terra que o viu nacer hai cen anos, mostrou un talento excepcional tanto no fútbol como na arte. Medrar nun fogar onde se respiraba arte e cultura, frecuentado por artistas, escritores e políticos, foi perfecto para un neno inqueda, que absorbía todo o que sucedía ao seu arredor. E foi modelando esa perspectiva creativa dentro dunha personalidade forte e cuestionadora, tamén dos seus achegados e as súas normas, que atopaba moitas veces —por non dicir todas— rixidas, o que o levaba con frecuencia a seguir o seu temperamento voluntarioso e faltar ao colexio sen dubidalo para poder ver a vida desde a súa propia perspectiva e experiencia.

Xogaba no parque de Santa Margarida, como fixera Picasso, e practicaba o fútbol de rúa, orixe do fútbol de toque que se reivindica na novela *Os libros arden mal*, onde Manuel Rivas nomea a Cheché e o emparenta con iconas da escola coruñesa como Chacho, Amancio ou Luis Suárez. O seu tío político o pintor Francisco Lloréns formaba parte deste universo inicial próximo, e resulta doado imaxinar ese Cheché neno vendo posar a súa irmá Eva para o famoso retrato *A do gorro encarnado*, obra que se pode gozar na exposición permanente do artista na sede da Fundación Barrié da Coruña.

O exilio

A figura do seu pai, José Martín Martínez, secretario do Concello e posteriormente vítima da violencia desatada polo golpe de Estado de 1936, quedaría na súa memoria fixada de forma traumática, aínda que non fose apenas verbalizada. As ideas e o compromiso político do seu pai levárono a un xuízo farsa e ao fusilamento en agosto dese mesmo ano. Este feito cruel e aberrante deixou unha fonda pegada na súa alma de rapaz, espallando a semente dunha reflexión filosófica sobre a vida e a condición humana que resoaría ao longo da súa existencia.

A viaxe da familia a Bos Aires foi unha decisión urxente, tras ser a súa nai Elvira Rodríguez Salgado ameazada polas forzas franquistas e temer ter igual destino que a xove muller do gobernador civil Francisco Pérez Carballo, Juana Capdevielle, torturada e asasinada sen piedade estando embarazada.

Comezou, pois, o exilio para Cheché e a súa familia. A el tocoulle viaxar sen a súa nai, pois foron escapando aos poucos, como boamente puideron. En calquera caso, e sen minimizar o impacto de lle ver a cara máis violenta á historia, a traxedia non eclipsou o seu forte espírito e curiosidade. Moi ao contrario, coído que fortaleceu a intensidade do seu propio mundo interno, de entender o respecto e a dignidade que merece toda vida humana, empezando pola súa propia. Supoño que ante un estado de represión e ameaza violenta máis vale chegar a ese acordo con un mesmo... Ao ser xa de neno un disidente natural, un rebelde contumaz e ingobernable, o seu corazón non se crebrou nin amedrentou.

Nin a guerra, nin a enfermidade, nin os problemas económicos —que asomaron en diferentes momentos da súa vida—, nin o éxito cambiaron esas certezas existenciais que tivo sempre moi claras. E nomeo expresamente o éxito, que el viviu de forma ambivalente, xa que, como lles desvelou algunha vez aos seus íntimos, sendo un fenómeno aparentemente proveitoso, resulta máis fantasmal do que parece. Pois si, esas certezas foron a súa táboa de salvación, unha chama de valor e aceptación que irradiaba unha aura de simpatía, atraendo persoas afíns ao seu espírito libre e desprovistas, coma el, de clasismos sociais. Algo que desprezaba desde a mesma raíz, xa que sabía da súa miseria moral.

O seu exilio en Bos Aires comeza cun agasallo que é todo un símbolo familiar. Por primeira vez —pois non sería a última— unha obra de arte vén rescatar unha situación problemática, mellorando o camiño e axudando a comezar unha nova vida. A etapa en Arxentina arrinca coa venda dunha pintura do cotizado Fernando Álvarez de Sotomayor: o óleo *A avoa e o neno*, que o propio pintor ferrolán lle regalou por solidariedade. O artista

era moi consciente da situación desa familia que tanto apreciaba, mesmo sendo de ideas políticas contrarias.

Cheché continuou interesado pola arte, e a súa nai, Elvira, filla do coñecido médico Rodríguez, falou co seu amigo Castelao, tamén exiliado nese momento na Arxentina, para que lle dese clases de debuxo. Pero este era xa moi maior e escusouse: «Ai, Elvirita, case non podo ver». Unha entrañable anécdota que sempre me fixo fantasiar con esas clases que nunca tiveron lugar...

Non puido ser, e ese Cheché adolescente seguiu o seu camiño. Aí empezaron a entrelazarse por primeira vez os seus dous destinos: o de artista e o de futbolista. Comezou a xogar no Banfield, pero antes fixera unha proba no Boca Juniors. O recrutador, ao acabar o partido de exame, preguntoulle ao grupo: «Quen é o *centroforward*?». Ese *centroforward* era o meu pai, pero un espelido adiantouse e dixo que era el. Cheché cortouse e deixouno estar.

A vida bohemia

Ao acabar a súa relación co equipo porteño, apostou de novo pola arte e foise da casa familiar onde residía en Bos Aires. Quería gañar a vida coa súa obra e marchou cos seus amigos bohemios a La Falda, unha cidade de arxentina provincia de Córdoba. Nesta exposición pódese ver unha fantástica paisaxe desta etapa na que mostra a calidade técnica e a soltura dos seus inicios. Comezou tamén a retratar clientes en bares e cafetarías para, a continuación, ofrecerlles a súa compra aos propios «modelos involuntarios». Crendo que estaría en apuros, a súa nai e unha das súas irmás foron «rescatalo» e a súa sorpresa foi grande, pois a situación resolveuse dun xeito imprevisto: el deixou-lles cartos a elas. E menos mal, xa que no traxecto en busca de Cheché quedaron sen pesos suficientes para regresar á capital.

A bohemia arxentina foi o escenario perfecto para o florecemento artístico de Cheché. Entre as rúas empedradas e os cafés cheos de fume atopou inspiración na diversidade e a vitalidade da vida urbana. Os seus primeiros trazos no papel reflectiron a crueza e a beleza da vida cotiá, capturando a súa esencia dual.

As complexidades que expresaban os rostros de seres próximos non lle pasaban inadvertidas. Tiña instinto e era un voraz observador. Moitos anos despois, diríalle «imos filosofar» a algún dos seus fillos nos paseos conxuntos, pois moi poucas veces camiñaba só. «Filosofar» consistía en observar a xente atentamente, como xa facía el sendo tan novo, capturando o misterio agochado en cada rostro, nunha permanente procura de sutís aspectos psicolóxicos.

A crueza social é un tema que aparece tamén desde as súas primeiras obras. Xa se observa así mesmo gran dominio técnico



Jorge Brito: *Autorretrato* (1942)

e, grazas a iso, unha soltura e confianza para contar de modo persoal e libre o que necesita transmitir. Resolve de maneira audaz esta mestura de consideracións acerca do retratado. Unha síntese persoal de gran forza e asemade tremendamente certa, tanto a nivel formal como expresivo, podendo reflectir nun mesmo rostro emocións contrapostas. Era do seu gusto falar de soños e derrotas esculpidos nos trazos dos retratados. Tiña grandes amigos artistas daquela, moi libres, experimentadores, atrevidos, que acadarían importante relevancia no mundo da arte, como o pintor e escultor arxentino Jorge Brito, con quen compartirá, en ocasións futuras, moitas similitudes formais.

E empezoulle a ir ben por este camiño. Sendo tan novo, debeu de ser moi excitante para el, e así se pode corroborar nunha cartacha de entusiasmo incluída nesta exposición, da lectura da cal se deduce con claridade como se vía xa ben encamiñado no mundo da arte. E isto facíao moi feliz. Falamos de 1944 e a súa colaboración coa revista *Argentina Austral*, da editorial bonaerense Emecé, para a que ilustraba contos e relatos. E de súpeto sobreulle unha progresiva e imparable carreira no fútbol. Como puido ocorrer se el estaba a vivir nunha comuna de artistas? (había un que roubaba pinceis e lapis para todos). Nunca soubo exactamente como sucedeu, pero o caso é que lle chegou un telegrama desde Venezuela cunha invitación para xogar no Vasco de Caracas.



Le retable d'Issenheim au Musée des Unterlinden à Colmar (1936), de Matthias Grünewald. Libro adquirido por Cheché en París en 1948
Herdeiros de Cheché Martín

Instalouse no país venezolano, onde comezou a súa obsesión pola expresión do seu mundo interno e ver a realidade a través da súa mente. Fíxoo, por exemplo, estudando o simbolismo de Gauguin e o tipo de paleta do pintor francés. Seduciuno ese tipo de luz e cor, e máis adiante, na década dos 60, volverá a esas tonalidades a través doutro país latinoamericano de impresionante beleza, México.

Chegada a Europa: Francia e A Coruña

Xa en Europa, tras o seu paso polo Vasco de Caracas, aproveitou a súa fichaxe polo Angers francés para empaparse do ambiente artístico e cultural dun París de posguerra abraiantemente espectral á vez que fascinante. Foi alí onde viu os restos dun naufraxio colectivo antes do seu primeiro regreso ao fogar, Galicia, tamén moralmente devastada, pero, ao contrario que Francia, sen visos de liberación. É importante sinalar que a súa profesión como futbolista non impediu o seu desenvolvemento na arte, tratando sempre de sacar leccións da historia e rexistrar artisticamente as súas diferentes experiencias vitais. Foi unha testemuña implicada desde as mesmas entrañas nunha etapa durísima da historia. Grazas á súa profesión de futbolista, puido ver moitas e moi diferentes realidades e, a través da súa dedicación como artista,

puido contalas. A súa propia vida levouno a comprender e experimentar variedade de situacións vitais. Créanme se lles digo que o reflexionaba e rexistraba todo na súa mente, na súa alma.

Toda esta longa viaxe, década a década, alimentou o seu ecléctico mundo pictórico. Ese París de posguerra motivou unha das series de debuxos máis brillantes de toda a súa carreira: visión frontal humana, trazo forte e perspectiva existencial e social. Suavidade. E tamén elegancia. Aí vense algunhas das súas referencias: as etapas azul e rosa de Picasso, Isidro Nonell, Ramón Casas, Toulouse-Lautrec, Modigliani... Na familia conservamos libros da súa etapa parisiense dun inmenso valor, como un de Matthias Grünewald. A súa cultura sempre foi vastísima e selectiva. Tiña o bo ollo de moitos fenómenos autodidactas, daqueles que non teñen tempo que perder e se fan cunha mirada lúcida, directa e nada compracente. Mentres lía sen parar, e devoraba libros de arte e museos, viviu encontros con persoas parecidas a el, soas, pois lembro terlle escoitado dicir que o primeiro Nadal alí foi o máis triste da súa vida. Nesas persoas case descoñecidas que retrataba, podía, non obstante, atoparse. Nos seus ollos, na súa expresión, no feito de non saber apenas nada do outro e, á vez, sospeitar o máis profundo dos seus recordos, que intuía ou imaxinaba. Nesas obras tamén se percibe a expresión da beleza que vía na melancolía, ou máis alá dela.

Era novo e cheo de vida, absorbía todo e a súa mirada contiña xa máis dunha idade. É neno que se deixa fascinar, é mozo e apaixónase e opina a través do seu debuxo, e é vello e comprende... Tamén captaba moi ben, e trataba, o clima emocional da sociedade. Era un fino observador e así o expresou en todas as súas épocas. Quen o coñeceu sabe que estaba dotado para verbalizalo como o home intelixente e de talento poético que era.

Quizais o feito de resolver a vida no mesmo presente en que se dá lle outorgou esa agudeza e rapidez á hora de actuar e de radiografar. Tamén se fixo forte ao cambio. Non é que lle fixesen graza algúns dos xiros inesperados e non moi positivos que viviu, en absoluto —cos seus fillos temía e trataba de anticiparse a problemas para, pensaba, minimalizalos (que pai non fai iso?)—, pero unha vez que se daban non tardaba moito en volver atopar fortaleza e ledicia ante a nova realidade. Era algo estraño, pero el e a miña nai facíanlo de forma natural, e así nolo ensinaron. Agradézollelo tanto: esa foi outra das herdanzas máis importantes que nos deixaron. Porque —que quede ben claro— as mellores herdanzas son inmateriais.

Desde Francia deu un paso enormemente simbólico para el: regresou á súa terra grazas á súa fichaxe polo Deportivo, volvendo así ás súas raíces coruñesas e tamén a enfrontar realidades e lembranzas. Foi ben recibido. Os seus veciños sabían perfecta-

mente quen era Cheché e o afecto era unha mostra clandestina —por razóns obvias— de solidariedade e fraternidade para coa inxustiza que viviron el e a súa familia. E seguiu a arte tamén, e compartir pensamento e cultura cos seus afíns: frecuentaba a librería de Lino Pérez, rexentada por Julio Ponte, amigo seu desde a infancia. Acudían a ela pintores como Alfonso Abelenda ou Urbano Lugrís, e xornalistas como José Luis Bugallal.

No seu libro *Cheché Martín, fútbol sobre lenzo*, Abelenda díxolle a Arturo Lezcano algo moi significativo:

Era algo moi curioso. Debuxaba e pintaba, e ao tempo era futbolista. El debuxaba moi ben, o que pasa é que tiña unha autocrítica feroz. Gustáballe moito a pintura e era un estudioso, pero a súa crítica a si mesmo prexudicouno, na miña opinión, respecto a impulsar a súa carreira. E mira que el sempre foi un descarado para todo, pero sen ningunha dúbida tiña que ter roto na pintura. Eu creo que lle tiña certo respecto ao asunto.

É certo. Todos os seus fillos sabemos do seu enorme perfeccionismo. Ás veces non sei que pensar, xa que lembro sentilo gozar, algo que non adoita facer un artista verdadeiramente perfeccionista, que sofren no momento mesmo da creación.

El sabíase bo artista. Que o freou a mover máis activamente a súa obra? Quizais varios motivos: non querer aproveitar o seu nome, crer que se non lle dedicaba suficiente tempo á arte non debería expoñer, e seguro que tampouco axudaría o seu obsesivo carácter perfeccionista... Unha mágoa. Pero tamén recoñezo que o seu estilo foi moi puro e salvaxe, e quizais o feito de terse dedicado ao deporte e non depender da venda de obras salvagardou a liberdade en moitas etapas do seu percorrido pictórico.

Nun recorte xornalístico conservado entre os seus recordos deportivos, que sabemos que se corresponde coa tempada 1951-1952, o entrevistador interésase polas súas preferencias persoais.

—Por encima de todo, a arte. Sempre tiver unha grande afección á pintura e ao debuxo, sigo con ela e penso vivir do pincel e do lapis cando me retire do deporte.

—Expuxo algunha vez?

—Claro que si. E ademais colaborei en xornais arxentinos e tamén fixen ilustracións e portadas de novelas. Agora o fútbol absórbeme demasiado e non podo pintar con intensidade, pero si o suficiente para non perder a man.

—Ben, pois falemos de pintura.

—Pinto ao óleo, ao pastel e á augada.

—Acudiu a algunha escola?

—Non, nin penso facelo. Aprendín a pintar libremente e percorrín moitos museos de Francia, Italia e Bélxica. E os españois, claro.

Aclaremos que non temos constancia de cales foron esas exposicións que di ter realizado a esas alturas, pero seguramente se trate de colectivas nalgún local da Arxentina. Tampouco desas portadas de novelas. Pero as mensaxes que máis nos interesan son que sitúa a arte por encima de todo —chega a lamentar non terse dedicado a iso con intensidade por culpa do fútbol— e a súa reivindicación dunha arte libre, desa pureza que antes mencionamos.

Noutra entrevista concedida un cuarto de século despois, xusto cando se desliga do fútbol profesional para sempre ao deixar de ser adestrador, volve aparecer o seu alto nivel de autoexigencia á hora de crear, pero, sobre todo, á hora de expoñer. A peza, que leva a sinatura de Lestón, publicouse o 25 de marzo de 1977 en *La Voz de Galicia*.

—Terá agora máis tempo para dedicarse á pintura?

—Algo máis creo que vou ter.

—E aproveitarao?

—Iso espero porque a pintura é unha faceta moi importante na miña vida.

—Haberá exposición?

—Véxoo difícil.

—Por que?

—Son moi exixente comigo mesmo.

—Non o satisfai a súa obra?

—Nunca plenamente. Repito que son o maior autocrítico e dificilmente me decidirei a expoñer.

—Ten moitas obras terminadas?

—Bastantes.

Polo visto, Martín o único que colgou definitivamente son os seus aparellos de adestrador e tamén nos deixa sen que poidamos admirar os seus cadros.

Finalmente, houbo exposición. Catro anos despois, en 1981, celebrará a súa primeira mostra individual na coruñesa Galería Giannini. Con este motivo, Ezequiel Pérez Montes entérvistao para *El Ideal Gallego*. Na charla, publicada o 26 de novembro dese ano, Cheché ofrece outra clave moi importante cando lle pregunta sobre a súa tardía exposición pública:

Non o fixen antes porque me neguei en rotundo a aproveitar o meu nome futbolístico. Non me parecía ético vender cadros cando me ocupaba do fútbol. Agora ofrezco unha mostra con prezos que catálogo de normais.

Penso que este é un dos reparos que sempre tivo. Sentía verdadeiro rexeitamento por aparentar, por presumir, especialmen-

te en asuntos que consideraba de verdade transcendentales, e a arte érao para el. E creo que se equivocou, xa que, malia ser probable que sendo tan bo artista puidese verse inxustamente desacreditado polo feito de ter sido futbolista famoso, tería que ter exposto moito máis e moito antes. Contaba ademais con persoas que o apoiaban e apoiarían en calquera circunstancia. En todo caso, comprendo a súa postura: alguén que librou tantas batallas, tiña dereito a elixir en cales se metía. Teño ademais a intuición de que, no fondo, non quería que as sombras —que el nunca deixou de ver no ser humano— metesen os «fociños» no seu verdadeiro espazo íntimo e sagrado, que era sen dúbida o da creación artística.

Barcelona

Pero retomemos a orde cronolóxica da súa viaxe: pasamos da Coruña á Barcelona de metade dos 50. Case nada. Aí abrollou unha vida artística en grao sumo interesante. Descubriu casualmente unha exposición dun Tàpies mozo e comprou dúas obras. Pero esa é outra historia que se conta con máis detalle neste catálogo coa sinatura de Arturo Lezcano.

As súas experimentacións artísticas na década dos 50 son cada vez máis complexas e maduras. Tamén o seu debuxo. Pericia. E rapidez mental e creativa en aumento. E segue, como sempre, devorando salas de arte, libros, museos. Os seus fillos lembrámolo lendo libros a gran velocidade. Era unha característica moi súa: a sempiterna curiosidade. Todo lle apetecía, todo o percorría. Por iso entendía moi ben os poboadores de tantas cidades e países diferentes. E estilos, artistas ou colectivos: Dau al Set, cubismo, Goya, Rembrandt, Daumier, Odilon Redon, Miró, Kandinsky, Kokoschka, Käthe Kollwitz, Marx Ernst, Leonora Carrington, Paul Klee, Munch...

Anos 60 e 70

E de novo a América, primeiro como futbolista e despois para comezar a súa andaina como adestrador. Naquel México dos 60 revoluciónaselle o mundo, os sentidos avívanse, comprende e percibe polo aire de que vai ese país. Intúe a súa inabarcable riqueza. Namórase de Tolla e casan, aínda que sempre me pareceron noivos. O entusiasmo que sentían o un polo outro xeraba esa sensación. De nena pensaba que era normal en todas as parellas... pero non, era raro, iso sábese coa idade. Foi a súa unha unión profunda a moitos niveis e tamén con esa terra americana que dalgún xeito sempre buscou desde aqueles anos en Venezuela. A forza da luz, a liberdade creativa. E que mellor que México, berce da mestura de visións pertencentes a mundos internos e

externos, para desenvolver esa dualidade que o entusiasmaba: cantas realidades hai!, como e canto se pode ampliar a que temos en fronte!... Poder ter moitas vidas e dimensións, aquí e agora. Posuía tamén unha vea fundamente onírica, intuitiva, e o uso da metáfora de alto nivel podíase notar en calquera conversa con el.

En México reflectiu de novo realidades sociais que lle importaban: a vida das clases desfavorecidas, a fascinación por unha cultura atávica e complexa que resistía impávida calquera sometemento, pois é máis forte, sempre é máis forte. Recordo ter lido que John Houston sentía afín os mexicanos e a súa cultura porque, do mesmo xeito que os irlandeses, sofisticaran o seu espírito e ata a súa fala para ir máis alá do sometemento soporado século tras século. Isto fíxome pensar tamén en Galicia e entendo así como o meu pai se puido conectar desde o máis fondo a ese país, pois a antiga e resistente cultura galega á que pertenceu bebe dun misterio inatacable en, polo menos, o máis profundo, o máis esencial.

E, xa ao seu regreso definitivo a Europa, para continuar en España a súa etapa de adestrador iniciada en México, Cheché segue pintando. Cada vez máis, cada vez máis enfocado e con maior sofisticación. E máis aínda cando en 1975 unha crise de saúde vai sinalando o camiño da retirada do fútbol, que se producirá en 1977. Canto menos tempo dedica ao deporte máis destina á arte.

Anos 80

Nos anos 80 o seu estilo é rotundo, de enorme madurez e seguridade. Pulido, persoal e completamente «feito», como se durante toda unha vida se tivese dedicado só á pintura. Un inmenso relato da súa extraordinaria viaxe polo mundo quintaesenciase na súa maneira pictórica. Nesta época cobrarán moita forza outro tipo de debuxos: os máis abstractos achéganse ao estilo dos seus óleos e navega moi libre en mundos oníricos produto dunha reflexión existencial. Une moi ben estas dúas perspectivas (o onírico e o existencial) que fan de espello unha da outra. O onírico intensifícase cando ten unha estrutura existencial; de feito, é o seu verdadeiro esqueleto. Ou debería selo. A súa obra, aínda figurativa, voa libre cara á abstracción. Nela moitas veces aparecen mulleres e homes tan cálidos como misteriosos: dignos enigmas que gardan para si parte da súa natureza, mentres outra parte deles parecen mostrala abertamente. Estraña e atraente esta calidade. A mesma que adquirirán, baixo a súa particular ollada que non se parece moito á de ninguén, as súas naturezas mortas ou bodegóns. Este tipo de cadros clásicos están cargados na súa obra dunha aura inhabitual. Van a un sitio impregnado de reflexión instintiva: se alguén podía unir estes dous conceptos era el. Algo parece existir



Cheché Martín e Tolla Carmona, na Coruña, nos anos 80
Herdeiros de Cheché Martín

neses cadros que me semella unha fonte que nunca seca. É estraño ver esta condensación pasional neste tipo de obra.

Como xa apuntamos antes, a Galería Giannini converteuse en 1981 no escenario dunha reveladora exposición dos traballos de José María Martín Rodríguez. Este é o verdadeiro nome do meu pai e utilizábao moitas veces asociado á arte. Neste contexto, Carlos Allones reflexiona en *La Voz de Galicia* sobre a verdadeira vocación do artista, salientando que, aínda que o fútbol lle brindou todo o materialmente necesario, as súas verdadeiras paixóns sempre foron o debuxo e a pintura:

Pero, curiosamente, a verdadeira vocación de Cheché non era o fútbol aínda que o fútbol lle deu todo o que materialmente necesitaba. A verdade de Cheché, a súa esperanzada, íntima e oculta atracción foi, desde ben novo, o debuxo, a pintura. (...) A pintura non era realmente o seu *hobby*. Aínda que ninguén o imaxinaba, o fútbol era o seu *hobby*.

Nesta ocasión, destacouse tamén a colaboración do recoñecido xornalista Ezequiel Pérez Montes, quen en *El Ideal Gallego* afondou na dualidade entre o fútbol e a pintura na vida de

Cheché, revelando detalles sobre o seu proceso creativo e as súas influencias artísticas. Extraio algunhas reflexións.

Sobre os seus inicios:

Son un autodidacta moi especial, xa que tiveron en Bos Aires unha pléiade de pintores amigos que me ensinaron. Eran pintores de primeira magnitude mundial, que hoxe se cotizan en cifras exorbitantes. Tamén pasei tempadas en escolas de arte, pero, a verdade, non me convenceron.

Sobre o seu estilo:

Cabe falar dun poscubismo expresionista: moita cor, moita liña de debuxo e bastante miseria. Eu leo moito sobre arte, vexo todas as exposicións que podoo... e aprendo de todo, porque de todo se pode aprender. Estrago moito lenzo e rompo moita obra.

Sobre o realismo:

Pinto do natural pero a través do meu pensamento, que utilizo a maneira de filtro, subxectivo o que vexo. Antes eu era máis realista e agora son, por así dicilo, máis interpretador subxectivo.

Sobre se o seu pasado deportivo ten influencia na súa obra:

Absolutamente ningunha. Pero quero que saibas que xa en Bos Aires, na miña mocidade, cando xogaba ao fútbol na Arxentina, colaborei para revistas, illustrei portadas e conseguín premios. Déronme en varias ocasións a «tapa-color», unha distinción aos mellores debuxos de portadas.



Invitación á inauguración da exposición de Martín Rodríguez na Galería Giannini
Herdeiros de Cheché Martín

E, por último, esta emotiva intención:


Eu quero dicirlles aos coruñeses que pensen que esta é a miña verdadeira vocación: que se xoguei ao fútbol foi porque tiña que vivir e, máis tarde, manter unha familia. Unha vez deixei o fútbol pola pintura, pero tiveron que volver porque non gañaba o suficiente. Agora depurei a miña técnica e ofrézollas a miña obra, con humildade, aos meus paisanos.

Este evento na Galería Giannini marcou o inicio dunha serie de tres presentacións artísticas que darían a coñecer o seu talento máis alá dos terreos de xogo. O ano 1983 trouxo consigo outra oportunidade para que o público galego se somerxese no seu universo: a Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Galicia en Santiago de Compostela foi o escenario para a exhibición dunha colección de óleos que capturaban a diversidade temática e a riqueza de influencias do artista.

Finalmente, a Delegación Provincial do Ministerio de Cultura na Coruña albergou en 1984 unha exposición que consolidou a traxectoria artística de Cheché. Nunha entrevista concedida daquela a José Luis Álvarez Conde achegou detalles sobre a diversidade temática e a técnica expresionista das obras expostas, así como sobre a influencia das viaxes e as vivencias persoais na súa arte.

Vólveselle preguntar por estes dous camiños que percorreu:

O balón ou o pincel? Ambas as dúas cousas. E ambas desde toda a vida. Da mesma forma que non lembro cando dei a primeira patada a un balón, tampouco podería concretar cando empecei a pintar. Creo que o fixen sempre, aínda que desde 1946 véñoo tomando máis



Portada da publicación editada con motivo da exposición de José María Martín Rodríguez en Santiago de Compostela
Herdeiros de Cheché Martín

en serio e hoxe en día podo dicir que pasou a constituír unha parte moi importante da miña vida.


Sobre a temática da súa arte:

É moi diversa. Debido á miña profesión, tiven oportunidade de viaxar e son consciente de que a miña pintura recolle influencias de moitos dos sitios que visitei: Francia, A Arxentina e, dunha forma especial, México, onde pasei sete maravillosos anos da miña vida. Ademais de todas estas influencias, a miña temática reflicte dalgunha forma todas aquelas valoracións persoais e vivencias, aínda que imaxino que isto lle sucederá a calquera artista.

E esta resposta á pregunta «pintura comercial ou non?» é moi significativa acerca dos seus valores:

Hai quen me suxire que faga unha pintura máis accesible, que se venda mellor, pero eu sigo preferindo verme reflectido en cada un dos meus lenzos.

Esta terceira exposición marcou o punto final culminante desa serie de presentacións que amosaban o compromiso do artista co seu oficio e a súa paixón pola pintura.



Cartel da exposición de Martín Rodríguez na Delegación Provincial do Ministerio de Cultura na Coruña
Herdeiros de Cheché Martín

Como escribín ao principio deste texto, na década dos 80 lémbroo absolutamente entregado á expresión artística. Desde paisaxes figurativas ata composicións abstractas, cada pincelada levaba consigo unha historia, unha reflexión existencial profundamente arraigada. A través de exposicións e entrevistas, Cheché compartiu a súa paixón e compromiso coa súa verdadeira vocación, a pintura, deixando ben claro que, malia que o fútbol lle brindou recoñecemento, diñeiro, fama e estabilidade, o que realmente acendía a súa alma era a arte.

A súa explosiva vitalidade xorde da urxencia por percorrer a melancolía propia e allea, por unha necesidade existencial e porque sabía que a beleza radica na verdade —do que haxa—. Seica non aprendera que de nada vale rexeitar as sombras? Bailou con elas e aí, nese territorio, atopou a forza, o xenio e a cor. Hai unha característica que aínda non citei, e ten que ver con esta aparente forza de carácter que o distinguiu: a humildade. Non crer moito os espellismos da vida nin envaidecerse inutilmente.

Facerse forte mesmo sabéndose débil, sen que este coñecemento, absolutamente universal, dane a túa dignidade. Ocorre xusto o contrario se o entendes ben. A el comprender isto permitiulle voar libre sen perder nunca o equilibrio. Nin de neno nin de vello esqueceu esta importante e sabia noción.

O ollo clínico de Cheché Martín

Arturo Lezcano

Marzo de 2004

A estancia é un salón de casa urbana de ensanche galego: dous sofás estampados formando un ele cunha mesiña baixa no medio, unha televisión cadrada, unha biblioteca ategada de libros, colocados ao chou, e unha cuarta parede branca chea de cadros. Máis parede houbese, máis pinturas habería. Nun dos sofás está o dono da casa —oitenta anos, barba tupida, lentes, chaqueta abrigada, pantalón caseiro— fitando para min. Non fala, por vontade propia, tan cariñoso no doméstico nesta etapa da vida como reservado para os visitantes. Tampouco fai falta: a súa presenza alaga a sala enteira cun magnetismo xenuíno. O home chámase Cheché Martín e ten unha vida digna de deitar nun libro. Con esa idea estou alí, sen saber que está a piques de abrirse un pozo sen fondo das historias cruzadas que conformaron unha existencia única.

No mesmo salón está tamén Cheché fillo, o maior dos sete que tivo con Tolla Carmona. Cérbero brillante da memoria familiar, entusiasta de seus pais, como o resto dos irmáns, aquela tarde de inicio de primavera achégame algo ás mans, co coidado de quen manipula unha xoia rara. Éo, de feito. Unha carteira de coiro, aparentemente como calquera dun señor de idade, con papelorio e carnés no seu interior, varias fotos dos seus fillos e dos seus cans e, agochado nun dos petos pequenos, un papel dobrado en catro. Curioso, quero abrillo. O fillo, xeneroso, dáme o prace cun movemento de cabeza e eu desdobro o papel. Trátase da fotocopia dun talón, timbrado cun selo de tres pesetas, e o seguinte texto enchendo o cheque: «Recibido de don José María Martín la cantidad de 9.000 (NUEVE MIL) pesetas. Dos óleos, *Noche desprendida* y *Autorretrato*, de la exposición Tàpies».

Un par de horas despois marcho daquela casa cun sorriso indisimulable. Baixo no elevador e saio do portal ao vento fresco e húmido da zona do Peruleiro, co estadio de Riazor ao fondo, pensando naquel mapiña do tesouro que me guiará por vieiros

inesperados no traballo de reconstruír a vida de Cheché Martín. Fun por un futbolista que era pintor, agora tamén engadiría a faceta de descubridor.


Maio de 1952

—Gitano, imos a unha exposición.

Cheché dille así ao seu compañeiro e amigo Gustau Biosca mentres se duchan no vestiario do FC Barcelona logo dun adestramento. Están no final de tempada soñado para calquera xogador de fútbol. Martín, o galego de mil vidas fichado ao Deportivo subcampión de Liga de 1950, xa é un peso pesado naquel equipo, o mellor de Europa, que se elevaría campión de todo: o Barcelona das cinco Copas. Aquel centrocampista fino convertido en elegante lateral, coñecido tamén pola súa faceta de pintor, gasta sona de ser un *bon vivant* intelectual. Cada día ten o ritual de ir desde o campo de Les Corts ao centro a tomar un aperitivo. Pero desta volta o paseo inclúe un evento cultural. Trátase dunha exposición dun pintor barcelonés case tan novo como aqueles futbolistas vizosos que xa se dispoñen a entrar nas famosas Galerías Laietanas, na Gran Vía de las Corts Catalanes. Biosca anda regañando os dentes. Quedaran cunhas amigas e agora tiña que participar daquel mundo intelectual que lle era alleo. Ve os cadros e o folleto da mostra, pero non entende nada. Alí di que aquela é a segunda exposición individual do pintor. O seu nome, Antoni Tàpies.

—Isto non me gusta, Cheché.

Pero el anda pampo ollando para as obras das paredes. Achégase e afástase, mira e remira. Biosca pensa para si: «Se eu levase algunha cousa destas para a casa, os meus pais poñeríanme na rúa». Pero o seu amigo coruñés xa ditara sentenza:



Talón de compra de dous cadros de Tàpies por parte de Cheché Martín, 26-5-1952
Herdeiros de Cheché Martín



O Barça campión da tempada 1951-1952. Biosca é o segundo pola dereita na fila de arriba. Cheché, o primeiro pola dereita na fila de abaixo
Herdeiros de Cheché Martín

—Este rapaz é un fenómeno. Será o novo Picasso.

Insiste Biosca con irse e Martín anda espelido cara ao autor: vai comprar algunhas das obras alí expostas.

O ollo clínico que lle dera fama no campo de fútbol, como lector de partidos un segundo antes que o resto, co porte refinado e a perna preparada para sachar como un raio, cobraba unha dimensión rebordante en canto achegaba a cara a un cadro. Ocorreu despois da primeira volta á exposición, cando Martín descifrou cunha análise enigmática e visionaria ao tempo, segundo lembraba Biosca nas conversas que tiveron con el medio século despois.

Chegou a dicir que, vendo a obra exposta, podía intuírse que o autor estivera enfermo. Incluso se atreveu a dicir que podería ter sido de tuberculose. E todo iso sen coñecelo nin telo visto nunca. Só polas obras.

E atinou: Tàpies pasara case dous anos en repouso na adolescencia, convalescente dunha doenza pulmonar. Aquela reclusión efectivamente formou o corpus temático e formal da súa

primeira etapa, que estaba a piques de rematar xusto naquela época. E unha daquelas pinturas de mocidade namorara a Cheché: *Noche desprendida*, obra onírica nocturna de corte surrealista, evocadora dunha soidade pingada de elementos reais, como extremidades, zapatos e cabezas, que deixa pistas da súa evolución posterior. É unha obra característica daquela fase de autoconecemento, que tamén inclúe autorretratos. O penúltimo que asinou presenta un mozo de cabelo e cellas tupidas e mirada profunda, no claroscuro, co fondo alumeado en contraste coa tebra que envolve o rostro do autor. Datado en 1951, foi exposto por primeira vez na mostra das Galerías e aló o levou Martín para a casa. A maior das alegrías, a maior das penas: quería ter levado máis, e así llo fixo saber durante anos a Biosca.

El encargouse de recordarmo durante anos: que non tiña máis Tàpies polas miñas présas.

Pero a compra non foi menor. O movemento prosaico de tirar unha chequeira do peto e estender un talón foi, tamén, un acto artístico. E desde logo un aceno lúcido. Con aquel talón, quizais sen sabelo, tamén asinaba un seguro de vida para o futuro.



Cheché e a súa nai,
en Barcelona en 1951
Herdeiros de Cheché Martín



Autorretrato de Antoni Tàpies,
ca. 1945-1947
© Fundació Antoni Tàpies,
Barcelona, 2023

Abril de 2004

Antoni Tàpies pónse ao teléfono fixo da súa casa e saúda co falar paseniño dos oitenta anos, co oído moi duro e súa muller pegada a el no auricular do teléfono. Desde A Coruña, tomando notas para incluír no libro, percibo a xentileza do pintor, a esas alturas un dos maiores do século que acababa de rematar, e a súa vontade de afondar na lembranza daquela exposición.

Estiven mirando os catálogos esta mañá para recordar máis aqueles días. Pero de Martín non fai falta mirar nada, acórdome ben. Veume falar do que lle gustaba máis da mostra e rematou escollendo dous cadros. Resultoume moi curioso que un futbolista fose tan sensible como para acudir a unha exposición de arte contemporánea, e máis tratándose dun autor que acababa de empezar, como quen di.

Era Tàpies, como Martín, fillo da Guerra Civil (o catalán naceu un ano antes que o galego), o que os envolveu para sempre no compromiso político, cada un á súa maneira. As adolescencias de posguerra de ambos os dous non puideron ser máis diferentes: un no exilio da Galicia Exterior, en Bos Aires, coa familia esgazada, sen pai, abríndose camiño no fútbol. O outro, en Cataluña, prostrado nunha cama nunha familia burguesa que non vía ben aquela inclinación artística que empezaba a despuntar. Pero, ao mesmo tempo, os dous compartían sensibilidades e canalizábanas a través do lapis. Tàpies enchía cadernos con debuxos febrilmente e xa empezaba a darlle ao óleo. Cheché tamén se colocaba diante do papel e, despois, do cabaleta, enfiando as pulsións que tamén amosaba sobre o céspede.

Mentres Martín facía a primeira viaxe de volta cara a Galicia, vía Caracas e Angers, Tàpies facía o seu propio tránsito artístico. Comezou a carreira coa chamada etapa máxica, inserido nun grupo que funda a revista *Dau al Set*: o seu curmán Modest Cuixart, Joan Brossa, Joan Ponç, Joan-Josep Tharrats. En 1950 fará a súa primeira exposición individual, nas mesmas Galerías Laietanas. Influenciado por Klee ou Miró, colleita boas críticas, pero el segue o seu camiño e pasa un ano como bolseiro en París. Nel imbúese dos problemas contemporáneos tapados pola ditadura e solta os resortes ideolóxicos. Á súa volta repetirá nas Laietanas e entón ocorrerá algo que non esperaba. «A mostra foi un fracaso. Parecía que ata algúns amigos se asustaban ao ver como as orellas da política saían nos meus cadros», dixo o pintor nunha biografía. A reacción daquel futbolista curioso foi a contraria: detectou a xenialidade en minutos, investiu os cartos que podía naquel momento e converteuse no único en apostar por Tàpies, segundo me recordou aquel día o pintor por teléfono:



Cheque recibido por Cheché Martín pola venda de dous cadros de Tàpies, 7-11-1975
Herdeiros de Cheché Martín

Eu fiquei moi contento porque eses dous cadros foron os únicos que se venderon naquela exposición. Por iso para el o asunto ten un valor engadido.

Curioso é que o seu encontro marca un punto e á parte na carreira do pintor. A partir daquel momento, Tàpies evolucionará rapidamente na súa pintura cara a outras paisaxes. Nin realismo máxico nin figuración: o catalán entendeu que na pintura abstracta collían múltiples solucións alén das exploradas e apostou pola textura. Aí chegou a pintura matérica, a súa marca rexistrada dentro do informalismo.

Ao día seguinte da charla co pintor volvíñ á casa de Cheché, como cada tarde durante semanas daquela primavera de 2004, esta vez movido por unha arela: facelo participe da fala telefónica co mestre catalán. Alí estaba Martín no sofá, coa súa estampa de Orson Welles barbado e adusto, ao que só lle faltaba o puro que fumaba anos atrás. Lucía ese rostro impresionante e parecido ao de seu avó, o médico Rodríguez, tan coñecido para os coruñeses, e cunha estampa recoñecible para todos polo busto da praza de Ourense que parece o vivo retrato de seu neto con oitenta anos, ou viceversa. Quixen pensar que falaría comigo. Non houbo sorte. Pero estou seguro de que participou da reconstrución da historia dos cadros de Tàpies.

Novembro de 1975

O mes e o ano remiten aos libros de historia contemporánea. A morte do ditador Franco aliviou a Martín, décadas despois do golpe militar que asasinou a seu pai. Pero as súas preocupacións maiores, a esas alturas, ían por outro lado. Estaba coa familia despois de dar voltas e reviravoltas por conta do fútbol. Xa acabara, na década anterior, a súa carreira como futbolista en México. Xa comezara a súa andaina como adestrador tamén alí, onde coñeceu a súa muller, Tolla, coa que fundou unha ampla familia. Cada pouco tempo, un equipo novo e unha mudanza, primeiro aló, despois desta banda. En cada destino, un fillo: Cheché, Rossana, Elvira, Amelia, Beba, Paco. E así ata aquela última xeira en Madrid, onde naceu a derradeira filla, Marita, en marzo daquel 1975. Pouco despois volverían todos á Coruña na mudanza definitiva da familia, pero antes había que arranxar contas.

O fútbol non era o negocio millonario de hoxe e nin sequera a prolífica carreira de Martín, no campo e no banco, daba para asegurar un futuro. Así que puxo nas mans dun marchante a posibilidade de mover no mercado os dous Tàpies. Houbo conversas con varios coleccionistas. Entre eles, o cantante Manolo Escobar, quen xa entón investía en arte contemporánea moito

diñeiro do que colleitaba nos escenarios. Tamén se lle ofreceron ao propio pintor, segundo conta a familia, aínda que Tàpies non o lembra así. Tampouco se venderon. Foi aí cando apareceu en escena Àlex Soler-Roig, un dos primeiros pilotos de Fórmula 1 español, e tamén apaixonado pola arte; tanto como para desembolsar tres millóns de pesetas por aqueles que un par de décadas antes custaran nove mil pesetas. O valor pecuniario dos cadros multiplicouse por máis de trescentos. Para ter unha idea do que iso significaba cómpre explicar que con ese diñeiro comprou o piso do Peruleiro, onde continúa Cheché fronte a min, calado, e tamén, realmente, están presentes os Tàpies *in absentia*. Porque sen eles non habería casa, sen casa non habería investigación e tampouco libro.

Febreiro 2024

Marita sostén o mesmo talón fotocopiado, datado o 26 de maio de 1952 e dobrado polo paso do tempo, que vin aquel día de 2004 na casa familiar. Agora a carteira do patriarca está en Ourense, no lugar onde a súa filla pequena recunca na alma artística familiar. É un retrinco literal da vida de cen anos do home que non marchou nunca, pola súa propia andaina, pola súa obra e polo que representaba ese papel: o de descubridor que vende a obra para salvar a familia. Di que o pai, gran consumidor de artistas emerxentes, tamén «sinalou» a Francis Bacon en canto o viu nas revistas que compraba habitualmente.

Os fillos, tan francos como o sorriso da súa nai, falan do destino dos cadros por boca de Marita.

Vendeunos por diñeiro, simplemente. Na familia nunca se adozou a venda dos cadros. Hai coleccionistas emotivos cando venden obra. Meu pai non. E foi moito diñeiro. Tamén é verdade que, se chega a esperar cinco anos máis, tería sacado aínda moitos máis cartos.

A Marita coñecina cando eramos adolescentes e compartimos clase no Instituto Salvador de Madariaga. Despois a vida cruzounos, para empezar, cando acometín o traballo sobre Cheché, sen saber eu que era o seu pai. Porque ela e o seu irmán Paco, referencia ineludible do instituto, empregaban o apelido da nai: Marita Carmona e Paco Carmona, así eran coñecidos. Non usaban o Martín polo pudor de ter un pai famoso nunha cidade tomada polo fútbol e o deportivismo. É máis, cando daquela se lle preguntaba a que se dedicaba seu pai, dicía: «É pintor». A conduta lembra a modestia do pai cando dixo, ao pouco de deixar de adestrar, a mediados dos 70, que non expoñía porque

el era o seu maior crítico, e tamén porque non quería usar a súa carreira futbolística para aproveitarse e vender máis cadros.

A memoria de Cheché continúa a correr por conta dos fillos. E no caso de Marita chega ata un punto insospeitado.

Sei que é imposible, pero eu lembro *Noche desprendida*. Non ten sentido, porque se vendeu cando eu tiña oito meses. Será un recordo construído, e ben que está.

Noche desprendida foi doado por Soler-Roig ao Museo de Arte Contemporáneo Español Patio Herreriano de Valladolid. *Autorretrato* acabou nos fondos do coleccionista Jordi Gimferrer en Banyoles. Ninguén da familia soubo das transaccións posteriores á venda inicial. Pero Marita continúa a pesquisa interminable sobre as aventuras dos cadros.

A vida da filla segue as pegadas perdidas do pai, non só na pintura. Cando estudaba en Barcelona, achou un libro de vello no que aparecían imaxes dos cadros de Tàpies e ao pé figuraba a procedencia: «Colección Martín». Xa foran vendidos cando o viu, pero nese instante, nese libro, formaban ese museo de espellos rotos que di Borges que é a memoria. A que merece o home que transitou entre o campo e a pintura. Non só a súa, senón a daqueles que descubriu. Dun xeito ou outro, Cheché nunca deixou de facer con todo iso un fermoso cadro de fútbol sobre lenzo.

Vocación irrefreable cara á pintura

Luis Caruncho

Estamos ante un caso evidente de vocación irrefreable cara á pintura. Martín Rodríguez é curiosamente pintor desde os seus primeiros vinte anos. E digo curiosamente porque para outro mundo, o do deporte, o é a nivel internacional recoñecidísimamente. Pero estas liñas son para centrarnos na súa afección máis íntima, para dunha maneira breve facer comprensible o seu que-facer artístico, con trasmundo pictórico polo que sempre loitou.

Facer deporte, e mesmo vivir del, é loable, pero moito máis servirse del, como no caso de José María Martín, para conseguir con iso ter a liberdade de acción que lle permitise, non sen grandes esforzos e sacrificios, sacarlle tempo ao tempo e exercitarse nese difícil camiño do debuxo autodidáctico.

Exercicio imprescindible para, unha vez dominado, servirse del para o asalto final ao campo da pintura. É na Córdoba arxentina onde polo ano 44 Martín Rodríguez sente a súa verdadeira vocación, e desta época hai xa interesantes debuxos que sen dúbida teñen que ter influencias dos grandes mestres do cono suramericano: Berni, Victorica, Spilimbergo, Pettoruti..., cuxas impresións transcenden nas súas paisaxes de corte neoimpresionista realizadas ao óleo sobre papel.

Sempre xogando ao fútbol, pasa a Caracas, onde por aquela época, ano 46, o seu pensamento está posto en Gauguin, aquel gran pintor precursor voluntario dos exilios caribeños. A experiencia deste país hispano é moi interesante para Martín Rodríguez, sobre todo pola asimilación do provocador colorido ambiental que recibe a súa obra.

No ano 47, coa súa arribada a Francia, é captado polos grandes monstros europeos e moi especialmente por Picasso e Matisse. Nesta época practica infatigablemente o debuxo ao carbón, sen dúbida de corte académico, e a facilidade que atopa no país veciño para traballar do natural supón un ensino e experiencia que contribúen a darlle profundidade e contido á súa bagaxe debuxística.

Pouco máis tarde, chega por fin á súa Coruña natal, e é aquí onde sen dúbida non é influído en absoluto polos pintores da

terra, pero si, en cambio, polas xentes da súa Galicia, o que profundamente lle interesa e dalgunha forma pasa a condicionar a súa obra.

Despois, no comezo da súa etapa catalá, «descobre» a obra do taciturno e gran pintor Nonell, que o impresiona vivamente. Por estas épocas toma contacto coa vangarda española, a través de Guinovart, Cuixart, Tàpies... e precisamente deste último adquire dúas obras importantes, ante a incredulidade dos seus compañeiros deportivos. Este feito, e tendo en conta a referencia no tempo, dá idea clarísima da afección e talante de gran sensibilidade de José María Martín.

A obra actual de Martín Rodríguez, despois de asimilar e depurar ao longo da súa evolución as súas moitas vivencias, veu desembocar en creacións coloristas que teñen que ver moito co expresionismo na súa factura, e coas propostas poscubistas na distribución dos seus elementos no espazo acoutado do lenzo. Por todo iso, cando o meu entrañable amigo, e xa compañeiro, Cheché me pide estas liñas, síntome orgulloso de poder presentalo na súa primeira exposición, como profesional da pintura, na nosa querida Coruña.

Se fago rápido percorrido a través da vida do pintor é para deixar ben claro que, aínda que José María tivo unha traxectoria realmente importante dentro do deporte, da cal se pode sentir plenamente orgulloso, cómpre salientar que el sempre se sentiu pintor e loitou ao longo da súa vida traballando concienzudamente para cando lle chegase a hora de presentarse ante o xuízo da opinión pública.

Ese día chegou e podemos asegurar que a súa obra ten polo menos o oficio, a honestidade e a gran sensibilidade que durante a súa vida deportiva demostrou.

Á fin e ao cabo, José María Martín, deportista, é a mesma persoa que Martín Rodríguez, pintor.

Texto de Caruncho, datado o 30 de outubro de 1981, e publicado con motivo da exposición na Galería Giannini da Coruña

Sensibilidade, delicadeza e hábil man

Miguel González Garcés

José M.^a Martín emprega a cor pura, plasmada en grandes planos, pero non se limita a estendela como sae do tubo. Matízaa cunha materia moi coruñesa que permite gradacións e mesmo calidades. Aínda que quizais na primeira impresión o espectador non as perciba, encandeado pola labarada da cor, hai nos seus cadros unha serie de xogos, matizacións e toques.

Por outra banda, as cores están delimitadas por unha liña de contorno precisa e negra en que o trazo fai destacar a separación dos planos coloreados. Esta técnica, malia que a aplicou Gauguin frecuentemente, parece proceder de Émilie Bernard, e denominouse *cloisonnisme*, aínda que José M.^a Martín a emprega de xeito persoal e con grandes diferenzas respecto aos seus antecesores.

Quizais estes elementos determinen que aínda a algúns visitantes lles custe traballo captar e apreciar a arte de Martín

Rodríguez, que consideran ousado cando as súas orixes van sendo xa antigas. O que importa é o valor artístico da súa obra, lograda con insistente vocación e indubidable sentido creador.

Os seus debuxos, en tantos casos ligados á Coruña, revelan sensibilidade, delicadeza e hábil man. Son belos e expresivos e dunha tenrura totalmente positiva.

Texto publicado no folleto da exposición realizada en 1984 na Delegación Provincial do Ministerio de Cultura na Coruña. É unha variación do escrito polo propio González Garcés no folleto da exposición que tivo lugar o ano anterior na Aula de Cultura da Caixa de Aforros en Santiago.

Unha vida marcada por un fusilamento

Carlos Fernández

A Guerra Civil en Galicia significou un drama, malia que houbo escasos mortos se comparamos as cifras da nosa rexión coas que se rexistraron noutras. Durante os tres días (20, 21 e 22 de xullo de 1936) que durou a insurrección armada só se chegou á centena na loita física.

A doce, pacífica e laboriosa Galicia serviu de viveiro do bando franquista na contenda: viveiro de materias primas, viveiro de barcos de guerra e viveiro de homes que saíron en numerosas columnas cara a Asturias, o Guadarrama ou Navarra. Moitos compoñentes daquelas columnas non volveron e deixaron orfas as súas familias, pero non sufriron menos aquelas cuxos membros caeron en mans das brigadas represoras.

Un neno coruñés de 12 anos, José María Martín Rodríguez, a quen os seus familiares e amigos lle chamaban «Cheché», sufriu aquela desgraza. O seu pai, Joaquín Martín Martínez, foi fusilado.

O exemplo do pai

Fillo dun coronel de Infantaría que combatera en Filipinas, Joaquín Martín Martínez era secretario xeral do Concello coruñés o 18 de xullo de 1936 (anteriormente estivera destinado no Concello de San Sebastián).

Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago, e tamén profesor mercantil e mestre superior (tivo unha academia na coruñesa rúa Feijóo), era unha persoa de gran cultura, metódica, ordenada e moi querida polos seus subordinados. Íntimo amigo de Gerardo Abad Conde, César Alvajar e Martínez Fontenla, entre el e Portela Valladares redactaron a Lei municipal da República. Estando nunha recepción en Capitanía recriminoulle ao xeneral da División que a maioría dos cadros estaban torcidos, prestándose a aliñalos. O seu último proxecto no Concello coruñés foi o parque Joaquín Costa no monte Santa Margarida, cuxos planos eran do arquitecto Palacios.

Foi feito prisioneiro nos primeiros días. O 26 e o 27 de agosto xulgouno no Palacio de Xustiza un tribunal presidido polo coronel de Infantaría José González González. Actuou de fiscal o xurídico Barbadillo e de defensores o capitán de Artillaría Eduardo Ozores, o tenente da mesma arma Bautista Zato e o civil Manuel Casás (quen substituíu a Manuel Iglesias Corral, que alegou estar enfermo).

O fiscal Barbadillo fixo obxecto a Joaquín Martín dunha inimidade manifesta. Ao parecer, databa das súas discusións privadas nun club social. Chegou a mencionar incluso as súas aventuras amorosas. Así mesmo, Barbadillo acusou algúns procesados de «seren fillos naturais da perversa Revolución Francesa». Neste punto contestoulle Manuel Casás, que fora alcalde coruñés en tres períodos diferentes antes da guerra: «Ninguén, agás que perdesse o xuízo, pode cualificar de perversa unha revolución como a francesa, que marcou un fito na defensa da liberdade humana». Tras estas palabras, o presidente do tribunal advertiu a Casás: «Outra resposta maliciosa como esta e pasa, de inmediato, ao banco dos acusados».

Joaquín Martín Martínez foi fusilado apenas uns días despois, o 31 de agosto, xunto co alcalde herculino Alfredo Suárez Ferrín, o deputado a Cortes de Esquerda Republicana Manuel Guzmán García, o funcionario municipal Francisco Prego Campos e os directivos socialistas Ramón Maseda Reinante e Francisco Mazariegos Martínez. A prensa coruñesa fixo fincapé en que, nos seus últimos momentos, só Guzmán, Prego e o pai do noso protagonista recibiron os auxilios da relixión católica.

A entrevista

Quedou así viúva a nai de Cheché, Elvira Rodríguez, unha muller moi culta, filla do médico Rodríguez, famoso doutor, escritor e político da Coruña de entre séculos. Ameazada polas brigadas represoras, o pintor Fernando Álvarez de Sotomayor, amigo da



Joaquín Martín Martínez, pai de Cheché, cunha das súas fillas, cando vivían alugados no edificio do Banco Pastor Herdeiros de Cheché Martín

familia que fora director do Museo del Prado e durante un breve período entre 1938 e 1939 será alcalde da cidade, aconselloulle que marchase da cidade. Para que tivese algo de diñeiro con que emprender unha nova vida no exilio xunto á súa familia, entregoulle un cadro seu, que ela sacaría de España disimulado entre a súa equipaxe.

Aqueles acontecementos iniciados en xullo de 1936 afectáronlle a Cheché profundamente e marcárono para toda a súa vida. Pasados 55 anos, iniciada a última década do século XX, cando estaba a aumentar a sexta edición do meu libro *Alzamiento y Guerra Civil en Galicia (1936-1939)* e buscaba novos testemuños de personaxes que viviron o comezo daquel drama, alguén me suxeriu que fose ver a Cheché Martín, que xa estaba preto dos 70 anos e andaba mal de saúde. Vivía coa súa muller, unha simpática mexicana chamada Tolla, nun piso detrás do estadio de Riazor, marco de moitas das súas fazañas e tamén dalgún desgusto deportivo.

Sotomayor díxolle á miña nai [así se inicia a gravación] que, se non quería que lle pasase o que lle pasou a Juana Capdevielle, a esposa do gobernador civil [que foi torturada e asasinada a pesar de que estaba en avanzado estado de xestación], debía saír da España nacional e irse a América do Sur. Regaloulle un cadro [*A avoa e o neno*] enrolado



Médico Rodríguez, avó de Cheché Herdeiros de Cheché Martín

para que o sacase coa equipaxe e, unha vez na Arxentina, o vendese e tivese cartos para empezar unha nova vida.

A miña nai saíu cara á fronteira portuguesa, e dirixiuse posteriormente a Lisboa, onde embarcou rumbo a Bos Aires. Pouco despois saíron os meus irmáns Amelia e Titos. A finais do 37, saín eu, xa no 40 saíría Elvira, quedando aquí o meu irmán Joaquín, que estaba en idade militar, e que se viu forzado a facer a guerra como soldado no bando que matara o meu pai.

Grazas á venda do cadro de Sotomayor, Elvira alugou un inmoible na capital arxentina.

A miña nai en Bos Aires xa se puxera en contacto cos Tenreiro, os Sanjurjo e outros amigos. Alugou unha casa e converteuna nunha residencia de hóspedes preto da rúa de Santa Fe. Alí trataría outras figuras do exilio, como Alejandro Casona, Castelao, Pita Romero, Suárez Picallo, Luis Seoane...

A miña nai era unha gran cociñeira (publicara numerosas receitas en *La Voz de Galicia* nos anos 30) e sempre nos coidou exquisitamente aínda que o diñeiro non fose moito.

A Cheché gustáballe xogar ao fútbol desde pequeno. Facíao no Recheo de Méndez Núñez, no Campo da Estrada e, de noite,



Cheché, na súa etapa como xogador do Deportivo, pasea co seu irmán Joaquín polos Cantóns Herdeiros de Cheché Martín

na terminal da Compañía de Tranvías (onde hoxe se levanta a delegación de Facenda). Pero «en serio» —as comiñas son do noso protagonista— empezouno a facer na Arxentina, en categorías inferiores (Banfield). Pasou, xa como futbolista profesional, a Venezuela (Vasco de Caracas) e de aí deu o salto a Francia (Angers). A través do xornalista coruñés José Luis Bugallal, parente da súa familia que tiña moita man no Dépor, regresou á súa cidade natal. Corría 1948 e o conxunto coruñés estaba en Primeira División.

O motivo principal polo que decidín vir era ver o meu irmán Joaquín, que continuaba na Coruña. Curiosamente no mesmo tren que retornaba á miña terra viña tamén o meu irmán, feito que ignoraba. Obviamente, cando se deu conta da miña fichaxe polo Deportivo non se fixo mención ningunha á miña familia nin ao exilio que padecera. Eu tampouco manifestei nunca as miñas ideas políticas, aínda que, obviamente, non eran favorables ao réxime franquista que seguía gobernando a nación.

Esta é a cidade que atopou:

A sociedade coruñesa estaba aínda traumatizada pola Guerra Civil, cos seus receos, as súas paixóns, os seus prexuízos. Algunha xente mirábame con receo ou, cando menos, con precaución. Acórdome da familia dunha mociña coruñesa á que lle fixen as beiras nalgún baile e que foi advertida axiña: «Non intimes con este mozo, que é o fillo dun ‘roxo’».

Tras o fito que supuxo proclamarse subcampión de Liga co Deportivo na tempada 1949-1950, foise ao Barcelona, onde tamén fixo historia: alzou numerosos títulos e converteuse en internacional por España:

Barcelona, ademais, non era A Coruña pechada da posguerra, cos seus medos e as súas vinganças a flor de pel. En Barcelona atopei, ademais, uns compañeiros extraordinarios, sobre todo Gustavo Biosca e Kubala, xenial como futbolística e como persoa, ademais de Ramallets, Seguer, César...

A súa aventura futbolística continuou en España (Atlético de Madrid e Valencia) e en México, onde iniciou a súa carreira de adestrador, que o levou de volta a España en 1965 e que finalizou



Cheché, na súa etapa como adestrador do Deportivo, xunto ao busto do seu avó, o famoso médico Rodríguez Herdeiros de Cheché Martín

tras a morte de Franco, en 1977, na súa Coruña, de onde xa non se moveu ata o seu falecemento. «Do meu pai herdei o seu espírito democrático e amor á liberdade. Por iso nunca puiden ver de bo grado o réxime político que dominou España durante case corenta anos e a morte do ditador significou para min e para a miña familia unha liberación moral, vendo con alegría o cambio que a partir de entón comezou a operarse no país», contoume aquela tarde. Recordo que saín da entrevista con Cheché e a súa esposa Tolla Carmona —que falecería en 2004— medio alegre porque comprobei que España ía desterrando aquel odio que deu motivo a unha guerra de case mil días, con preto de 500.000 mortos.¹

A súa cortesía, o seu brío, a súa educación e a súa resistencia —fixo fronte á embolia cerebral que sufriu nos anos 90 chegando ao século XXI, pois faleceu en 2006— converteron a súa vida nunha loita por superar aquela traxedia que viviu cando era un rapaz de 12 anos que, despreocupado, xogaba ao fútbol no Recheo, no Campo da Estrada e na terminal de tranvías.

¹ José María Gironella recoñeceu en *Un millón de muertos* (Editorial Planeta, Barcelona, 1962) que a cifra que daba título ao seu famoso libro obedecía a que nela incluía todos cantos posuídos do odio mataron a súa piedade e mataron o seu propio espírito.

Obra en exposición

1944-1946
INICIOS EN AMÉRICA



Paisaxe con casa
A Arxentina, anos 40
Óleo / táboa
23 x 34 cm.
Familia de Arsenio Iglesias



Paisaxe

A Arxentina, anos 40

Lapis conté / papel
16 x 22 cm.

Colección privada



Muller sentada, de perfil

Ca. anos 40-50

Lapis e pastel / cartolina
23 x 17 cm.

Colección privada



Retrato de pessoa nova
A Arxentina, anos 40

Lapis / papel
28 x 22 cm.
Colección privada



Retrato de home arxentino
Bos Aires, 18-8-1944

Lapis / papel
22 x 16 cm.
Colección privada



Retrato de home con chapeu
A Arxentina, anos 40

Lapis conté / papel
11 x 9 cm.
Colección privada



Retrato de señora
A Arxentina, anos 40

Lapis / papel
15 x 10 cm.
Colección privada



Home pensativo
A Arxentina, anos 40

Lapis / papel
15,5 x 10 cm.
Colección privada



Retrato de home novo, de tres cuartos

A Arxentina, anos 40

Lapis / papel
24 x 17 cm.

Colección privada



Estudo anatómico de home

Bos Aires, 1944

Lapis / papel
28 x 21 cm.

Colección privada



Retrato de home

Ca. anos 40

Lapis / papel
22 x 17 cm.

Colección privada



Home con pipa

Córdoba (A Arxentina), 1943

Lapis azul / papel
29 x 19 cm.

Colección privada



Fernando

A Arxentina, anos 40

Lapis / papel
32 x 18 cm.

Colección privada



Perfil de muller

Ca. anos 40

Lapis / papel
18 x 13 cm.

Colección privada



Estrellita

A Arxentina, anos 40

Lapis / papel
20 x 13 cm.

Colección privada



Retrato de deportista, de tres cuartos

A Arxentina, anos 40

Barra conté / papel
19 x 18 cm.

Colección privada



Home sentado

Ca. anos 40

Lapis / papel
20 x 15 cm.

Colección privada

1947-1957

EUROPA COMO INSPIRACIÓN



Rostro de home
Angers (Francia), 1947
Carbón / papel
48 x 31,4 cm.
Colección privada



Rostro masculino
Angers (Francia), 1947
Carbón / papel
47,5 x 29,7 cm.
Colección privada



Retrato de muller
A Coruña, 1948

Lapis e barra conté / papel
42,5 x 31 cm.
Colección privada



Figura de muller de perfil
A Coruña, 1948

Barra conté / papel
60 x 24,5 cm.
Colección privada



Retrato de home, de tres cuartos
A Coruña, 13-1-1948

Tinta chinesa / papel
32,6 x 22,4 cm.
Colección privada



Julio Ponte
A Coruña, 1948

Barra conté / papel
49 x 32 cm.
Colección privada



Joaquín, irmán do artista
A Coruña, ca. 1948

Tinta chinesa / papel
65 x 27 cm.
Colección privada



Elvira, a nai do artista
Vallvidrera (Barcelona), 23/4/1951
Óleo / cartolina
44,9 x 29,9 cm.
Colección privada



Boucherie
Angers (Francia), 1947
Tinta china / papel
31 x 20 cm.
Colección privada



Retrato de Joaquín, irmán do artista

España, anos 50

Lapis / papel
20 x 15,5 cm.

Colección privada



Home con chapeu

París, ca. anos 40

Lapis / papel
20 x 14 cm.

Colección privada



Retrato de home con traxe e gravata

Madrid, 26-1-1955

Barra conté / papel
24 x 16 cm.

Colección privada



Neno
Anos 50

Acuarela / papel
23 x 17 cm.
Colección privada



Músico
Anos 50

Tinta china / papel
28 x 22 cm.
Colección privada



Muller de costas

Anos 50

Lapis / papel
15 x 11 cm.

Colección privada



Muller de costas, sentada nunha cadeira

Anos 50

Lapis / papel
15 x 11 cm.

Colección privada



Home sentado

París, ca. anos 40

Carbón / papel
24 x 16 cm.

Colección privada



Ancián con boina

España, anos 50

Lapis / papel
15 x 10,5 cm.

Colección privada



Retrato feminino de perfil

Ca. anos 50

Sanguina e barra conté / cartolina
21 x 14 cm.

Colección privada



Ponte

Anos 50

Barra conté / papel
15 x 21 cm.

Colección privada

1958-1964
DE NOVO AMÉRICA



Interior de taberna
Ca. finais dos anos 50
Óleo / papel
30,3 x 28,4 cm.
Colección privada



Muller mexicana
México, 1961

Barra conté / papel
45 x 26,3 cm.
Colección privada



Retrato de muller mexicana
Morelia (México), 1960

Lapis / cartolina
32 x 24,6 cm.
Colección privada



Retrato de Victoria
Toluca (México), 1961

Barra conté e clarión / papel
46,5 x 32,7 cm.
Colección privada



Merche con boneca
Morelia (México), 1963

Barra conté e clarión / papel
46,5 x 28,6 cm.
Colección privada



Mozo mexicano de perfil
Morelia (México), 1960

Barra conté / papel
44,9 x 20,9 cm.
Colección privada



**Retrato de Tolla,
a muller do artista**
México,
finais dos anos 60

Óleo / lenzo
65 x 54 cm.
Colección privada



Nena mexicana
México, anos 60

Lapis / papel
18 x 9,5 cm.
Colección privada



Adolescente mexicana
México, anos 60

Lapis / papel
17 x 12 cm.
Colección privada



Figura de nena mexicana
México, anos 60

Lapis / papel
18 x 10 cm.
Colección privada



Muller espida, de costas
México, anos 60

Lapis / papel
21 x 16 cm.
Colección privada



Adolescente mexicano
México, anos 60

Lapis conté / papel
19 x 13 cm.
Colección privada



Home con bigote, de perfil
México, anos 60

Lapis conté / papel
21 x 15 cm.
Colección privada



Adolescente mexicano, de tres cuartos
México, anos 60

Lapis conté / papel
21,5 x 13,5 cm.
Colección privada



Retrato de adolescente mexicano
México, anos 60

Lapis conté / papel
24 x 15 cm.
Colección privada



Barca
México, años 50

Lapis / papel
21 x 15 cm.
Colección privada



Iwazaru
Años 60

Óleo / cartolina
13,5 x 12 cm.
Colección privada

1965-1978

REGRESO A ESPAÑA



Casa de campo
Ca. años 70
Óleo / táboa
21 x 28 cm.
Familia de Arsenio Iglesias



Cheché, fillo do artista
Madrid, 1971

Barra conté e pastel / papel
37 x 24 cm.
Colección privada



Elvira, filla do artista
1973

Óleo / táboa
41 x 33 cm.
Colección privada



Retrato de Rossana, filla do artista

Ca. anos 70

Óleo / papel

42,7 x 30 cm.

Colección privada



**Retrato de Rossana,
filla do artista,
de perfil**

A Coruña, finais dos 70

Óleo / lenzo

61 x 50 cm.

Colección privada



Tolla, a muller do artista, embarazada
Madrid, 1965

Rotulador / papel
29 x 10 cm.
Colección privada



Tolla, a muller do artista
A Coruña, abril de 1970

Barra conté / papel
17 x 12 cm.
Colección privada



Muller de perfil
A Coruña, 1981

Lapis / papel
45 x 32,3 cm.
Colección privada



Retrato de home con boina

Ca. finais dos anos 60

Óleo / cartolina
25 x 18 cm.

Colección privada



Retrato de home con boina e gravata

Ca. finais dos anos 60

Óleo / cartolina
23 x 17 cm.

Colección privada



Elvira, a nai do artista, de perfil

Anos 60

Óleo / papel
20 x 20 cm.

Colección privada



Figura sentada

Ca. anos 70

Óleo / papel
15 x 10 cm.

Colección privada



Tolla, a muller do artista, de fronte
Valladolid, 1973

Óleo / papel
25 x 16 cm.
Colección privada



Rossana, filla do artista
Ca. 1972-1973

Barra conté / papel
20 x 12 cm.
Colección privada



Cheché Carmona, fillo do artista
Ca. 1968

Óleo / cartolina
22 x 17 cm.
Colección privada

1979-1990

OS ANOS FINAIS



Retrato de home, de fronte
A Coruña, 23-12-1979

Óleo / táboa
32 x 25 cm.
Colección privada



Muller de perfil con pano

A Coruña, anos 80

Óleo / lenzo

52 x 64 cm.

Familia de Arsenio Iglesias



Rostro dobre de muller

A Coruña, anos 80

Óleo / lenzo

45 x 37 cm.

Familia de Arsenio Iglesias



Perfil dereito de muller

A Coruña, anos 80

Óleo / táboa

46 x 38 cm.

Familia de Arsenio Iglesias



Rostro de muller, de fronte

A Coruña, anos 80

Óleo / lenzo

53 x 45 cm.

Colección privada



Figura feminina
A Coruña, mediados dos 80

Óleo / táboa
55,5 x 46,2 cm.
Colección privada



Muller de ollos azuis
A Coruña, ca. inicios dos 80

Óleo / táboa
46 x 38 cm.
Colección privada



Home con gorra, de perfil

A Coruña, 1985

Óleo / táboa
41 x 32,9 cm.
Colección privada



Rostro

A Coruña, anos 80

Óleo / lenzo
48 x 64 cm.
Colección privada



Recordo de México
A Coruña, anos 80

Óleo / lenzo
59 x 72 cm.
Colección privada



Paisaxe galega
A Coruña, anos 80

Óleo / lenzo
48 x 63 cm.
Colección privada



Rural galego

A Coruña, anos 80

Óleo / lenzo

58 x 71 cm.

Familia de Arsenio Iglesias



Natureza morta

A Coruña, anos 80

Óleo / lenzo

59 x 79 cm.

Colección privada



Bodegón I

A Coruña, anos 80

Óleo / lenzo

63 x 53 cm.

Familia de Arsenio Iglesias



Bodegón II

A Coruña, anos 80

Óleo / lenzo

65 x 54 cm.

Colección privada



Bodegón III

A Coruña, anos 80

Óleo / lenzo

65 x 53 cm.

Familia de Arsenio Iglesias



Bodegón IV

A Coruña, anos 80

Óleo / lenzo

58 x 71 cm.

Familia de Arsenio Iglesias



Bodegón V

A Coruña, anos 80

Óleo / lenzo

53 x 64 cm.

Familia de Arsenio Iglesias



Bodegón VI

A Coruña, anos 80

Óleo / lenzo

59 x 49 cm.

Colección privada



Figuras
A Coruña, anos 80
Lapis conté / papel
21 x 14 cm.
Colección privada



Espazo onírico
A Coruña, anos 80
Lapis conté / papel
14 x 19 cm.
Colección privada



Paisaxe urbana
A Coruña, 1988

Lapis / papel
42 x 29,8 cm.
Colección privada



Colaxe obra de Cheché Martín na que combina o seu apelido co de Picasso, e que inclúe ademais a noticia da súa fichaxe polo Angers por 700.000 francos Herdeiros de Cheché Martín

Fútbol de seda e ferro

Rubén Ventureira

Hai un fío que une o primeiro Súper Dépor co segundo: Cheché Martín. Primeiro foi estrela no conxunto branquiazul subcampión de Liga en 1950. E, cando se pasou ao banquiño, incorporou ao equipo técnico do Deportivo, como segundo adestrador, un tal Arsenio Iglesias, quen entre 1992 e 1995 logrou para o equipo unha Copa do Rei, ademais de dous subcampeonatos e un terceiro posto na Liga. O vínculo que se formou entre Cheché e Arsenio nese momento xa non se desfaría xamais. Que o noso protagonista fose grande amigo de Urbano Lugrís, a bohemia personificada, non sorprende. Que se fixese íntimo do arteixán, un tipo caseiro, frugal e aforrador, casa moitísimo menos, pero explícase pola fascinación que Cheché causaba nas distancias curtas en foros de todo tipo, e máis aínda nun vestiario de fútbol, onde a cultura adoita quedar alén da porta do vestiario.

Todo empeza na rúa. No Parque do Casino (situado no que hoxe é a rúa Juan Flórez), o Campo da Estrada, o Recheo, o Campo da Leña, a rotonda de Riazor, a zona do Observatorio ou xunto á terminal de tranvías (onde hoxe está a rúa Comandante Fontanes). Son terreos de xogo improvisados nos que Cheché, alumno do distinguido Colexio Dequidt, empeza a dar as súas primeiras patadas a un balón. Tamén se anota a practicar boxeados na Sala Calvet, o ximnasio que en 1901 tivo como primeiro director médico o seu avó, o doutor Rodríguez, e no que naceu o Dépor en 1906.

O seu primeiro ídolo futbolístico é o seu irmán Joaquín. Conta a lenda que chegou a darlle 1.016 toques seguidos a unha pelota. O que está verificado, posto que o sabe todo afeccionado ao fútbol da cidade, é que Joaquín é a gran figura do Ferrolán, un equipo do colexio do mesmo nome da rúa do Socorro que nos anos 20 do século XX é parte fundamental para o nacemento do que despois se deu en chamar «escola coruñesa»; é dicir, un estilo vistoso para o espectador, un antecedente do *tiquitaca* que levará a España ao máis alto xa no século XXI. O Ferrolán, que

ten como sinais de identidade o pase curto e o dominio, alcanza «o nirvana do balompé», segundo a prensa da época.

Joaquín ten que facer a guerra co bando que asasinou o seu pai e non contemplará os inicios do seu irmán pequeno Cheché na Argentina. Primeiro proba no Boca Juniors como dianteiro, pero sen sorte. «Eu comecei a practicar o fútbol en serio no reserva de Banfield», cóntalle o noso protagonista a Carlos Fernández no libro *Alzamiento y Guerra Civil en Galicia (1936-1939)*. É medio volante, técnico e elegante, dun equipo da cuarta, o primeiro no que cobra por xogar ao fútbol.

A Argentina e Venezuela

En 1945, cando aínda non se acababa de decantar entre a arte e o deporte, recibe un telegrama que decidirá por el. O Deportivo Vasco de Caracas, da Primeira División venezolana, reclámao. Empeza xogando como interior dereito e ao final aséntase no mediocampo. «Era un equipo formado por vascos e tiven que dicir que era arxentino, pois, se dixese que era español, non podería xogar», detállalle Cheché a Fernández no libro antes referido.

Seguinte estación, o Vello Continente. «Por medio dun amigo que coñecía os directivos do Angers francés vinme a Europa cunha ficha de 700.000 francos por dúas tempadas», lemos en *Alzamiento y Guerra Civil en Galicia (1936-1939)*. É un club de Segunda que aspira a subir ao que se incorpora coa liga xa avanzada: comezara en agosto de 1946 e el debuta en xaneiro de 1947. Encaixa ben: é titular habitual nun equipo que queda ás portas do ascenso (soben dous e queda terceiro). A segunda campaña (1947-1948) na escuadra gala xa non é tan brillante na competición da regularidade (sétima praza), pero o Angers dáse o pracer de eliminar en oitavos de final da Copa o Olympique de Marsella —que será campión de Primeira esa tempada— nun partido no que Cheché anota o primeiro gol.



O Deportivo da tempada 1949-1950.
Cheché é o segundo pola esquerda, na fila de arriba
Herdeiros de Cheché Martín



Cheché Martín: *O futbolista Kadmiri* (A Coruña, 1949),
46,5 x 33,5 cm.
Kadmiri foi compañeiro de Cheché no Angers e no Dépor
Herdeiros de Cheché Martín



O famoso gol de Cheché ao Celta en 1949
Foto: Alberto Martí

Regreso a casa

As súas andanzas alén dos Pireneos chegan a oídos dun prestixioso xornalista coruñés que asina como Marathon as súas crónicas futbolísticas. «Por medio do xornalista coruñés José Luis Bugallal, que era parente da miña familia, púxenme en contacto cos dirixentes do Deportivo e en 1948 retornei a España», detállalle a Carlos Fernández.

